

**Centro cultural
JOSE DOMINGUEZ GUIZAN
BEGONTE**

Mañán, sábado:

APERTURA DO BELEN ELECTRONICO, NA SUA XXV EDICION

PREGON DO NADAL, A CARGO DE MANUELA LOPEZ BESTEIRO

Mañán, sábado, 14 de decembro, comenzarán en Begonte os actos do Nadal, na súa edición número XXV, organizados polo Centro cultural JOSE DOMINGUEZ GUIZAN.

A actividade do Nadal dará comezo co Pregón que na Igrexa parroquial vai pronunciar a Conselleira de Familia, Muller e Xuventude daXunta de Galicia, Manuela López Besteiro. O pregón será pronunciado no decurso da misa que se iniciará ás 18,00 h., e será oficiada polo párroco da localidade e presidente do Centro Cultural, Jesús Domínguez Guizán.

A misa será cantada pola CORAL POLIFONICA DE CHANTADA, dirixida por Modesto Fernández Rodríguez. O acto rematará cun breve recital de Panxoliñas a cargo de esta Coral.

Con posterioridade, procederase á inauguración da XXV edición do BELEN ELECTRONICO DE BEGONTE, instalado nos baixos do Centro cultural JOSE DOMINGUEZ GUIZAN, así como a apertura do MUSEO DO BELEN, formado con diversas figuras que en edicións anteriores formaron parte do Belén Electrónico. Esta é unha antiga aspiración do Centro Cultural, que agora comeza a ser realidade, para evitar que se perdan aquelas figuras ou conjuntos que van sendo retiradas cada ano do Belén.

Con motivo deste Nadal, o Centro cultural mencionado ten convocados os seguintes certames culturais: VII CERTAME GALEGO DE ARTE JOSE DOMINGUEZ GUIZAN (patrocinado pola Deputación Provincial de Lugo), XXI CERTAME DE POESIA SOBRE O NADAL (Patrocinado pola Obra Social de Caixa Galicia), XXI CERTAME DE XORNALISMO "BEGONTE E O NADAL", (patrocinado pola Consellería de Cultura e Comunicación Social da Xunta de Galicia) e XXI CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE O NADAL (Patrocinado por Caixa Rural de Lugo).

....

Desde este sábado queda aberto o Belén Electrónico para poder ser visitado del acordo co seguinte horario:

Laborables.= 15,00 a 19,30

Festivos.= 11,00 a 14,00 e 15,00 a 20,00

Para visitas en Grupo deberán avisar previamente chamando ó teléfono 3961-21.